



Estimadas familias:

Dirixímonos a vostede para comunicarlle que o día **26 de outubro** está convocada polo Sindicato de Estudantes unha folga de estudantes que afecta aos/as vosos/as fillos/as, titorandos/as, salvo que cursen 1º e 2º de ESO. Acoléndose ao dereito de reunión, e celebrando a Xunta de delegadas/os no IES Chapela en data de 19 de outubro, o alumnado do IES Chapela sumouse á decisión colectiva de non asistencia a clase en solidariedade co pobo Palestino.

O alumnado que apoie a decisión colectiva de non asistencia a clase, non acudirá ao IES Chapela no día sinalado para realizar ningunha actividade. Como en situación de normalidade académica, ningún alumno/a menor de idade poderá abandonar o IES Chapela sen a autorización pertinente.

As faltas de asistencia do alumnado que se sume á decisión colectiva de non asistencia a clase, consideraranse xustificadas. O alumnado que **non se sume a esta convocatoria ten o dereito e o deber de asistir ao Centro** e recibirá clase con normalidade. O profesorado proseguirá o normal desenvolvemento da materia. En ningún caso poderán realizarse exames, probas de avaliación ou recollida de traballos nestes días, sempre e cando algún alumno ou alumna do grupo onde se vaian realizar ou entregar, participe na decisión colectiva de non asistencia.

Todo o alumnado menor de idade que participe desta decisión deberá contar cunha **autorización do pai/nai ou titor/a** cubrindo o modelo que poderá recoller en conserxería e que entregará ao seu titor/a.

Chapela, a 23 de outubro de 2023.

O Director



Antonio Bas Corujeira